



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA PROPORCIONAR AO PERSOAL INVESTIGADOR DO SUG ACCESO A RECURSOS DE SUPERCOMPUTACIÓN, ALMACENAMIENTO DE DATOS E COMUNICACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coas universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o financiamento das accións que supoñen dar resposta ás necesidades do persoal investigador de acceso a unha serie de tecnoloxías avanzadas e coñecementos técnicos de última xeración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que o persoal de investigación pertencente ao SUG precisa usar as infraestruturas de cálculo, comunicacións e almacenamento de datos ao servizo do Sistema de investigación.

A promoción da I+D+i non é factible sen o uso de supercomputadores que permiten procesar grandes cantidades de datos nun curto período de tempo, deste xeito é posible simular o impacto que pode provocar un experimento en calquera rama da ciencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a ____ de ____ de dos mil dezasete.

(asinado dixitalmente)

